



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

A literatura románica medieval no contexto europeo

Santiago López Martínez-Morás

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Santiago López Martínez-Morás

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

A LITERATURA ROMÁNICA MEDIEVAL NO CONTEXTO EUROPEO

Curso 2011-2012

1.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome da asignatura: *A literatura románica medieval no contexto europeo*
- Código: G5081130
- Número de créditos ECTS: 6.
- Nome do Grao: Linguas e literaturas modernas
- Particularidades: Integrada no *Maior* de Filoloxía Románica; integrada no *Minor* de Filoloxía Románica (módulo complementario)
- Curso: 1º
- Carácter: Obligatorio.
- Periodo de impartición: 2º cuadrimestre.
- Lingua da docencia: español.
- Prerrequisitos recomendados: dominio das linguas española e galega e alomenos coñecementos gramaticais dunha lingua romance. (Alumnos estranxeiros, nivel B2 de español).
- Horario de clases: Luns, martes e mércores de 9 a 10 horas.
- Datras de exame: 01/06/2012 e 13/07/2012

2.- DATOS DO PROFESOR

- Nome: Santiago López Martínez-Morás
- Correo electrónico: santiago.lopez@usc.es
- Despacho: 106 (1º andar).
- Teléfono: 881-811790

3.- SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia enmárcase no segundo cuadrimestre do primeiro ano do Grao de Linguas e Literaturas Modernas, e é obrigatorio para os alumnos que cursen o *Maior* de Filoloxía Románica.

Como primeira asignatura de literatura dentro deste *Maior*, a materia está enfocada esencialmente a definir dun modo xeral os parámetros históricos, literarios e culturais deste período a nivel europeo para sentar as bases necesarias dunha mellor aprendizaxe dos contidos das materias complementarias pertencentes ao *Maior* do grao. Deste modo, se potenciará unha panorámica interdisciplinar paneuropea atenta, principalmente, aos contidos de asignaturas posteriores adicadas a cuestión literarias e culturais máis específicas.

4.-TUTORÍAS

1º cuadrimestre:	Luns 13-14 horas Martes 10-12 e 13-14 horas Mércores 10-12 horas
2º cuadrimestre	Martes 10-13 horas Mércores 10-13 horas

Tutorías personalizadas: marcaranse as datas en conformidade cos alumnos.

5.-OBXECTIVOS DA MATERIA

- Dar a coñecer o contexto cultural e histórico en que se desenvolve o período medieval.
- Transmitir un panorama global da literatura románica medieval e os seus vínculos coa produción literaria latina destes mesmos séculos.
- Amosar a literatura románica medieval como un proceso cultural unitario con diferentes manifestacións nas distintas literaturas e a súa disolución nas diferentes literaturas nacionais.
- Familiarizar ao alumno coa formación e primeiras manifestacións dos distintos xéneros literarios.
- Dar sentido á evolución dos textos literarios desde as súas primeiras manifestacións, a través da formación das grandes correntes do século XII, ata os casos máis elaborados de produción literaria no século XV.
- Nun sentido xeral, aprender a vincular os contidos da materia cos das outras materias afíns da titulación.

6.-COMPETENCIAS

a) As competencias xenéricas propias do *Maior* en Filoloxía Románica pódense resumir nos seguintes puntos:

- Visión global da familia lingüística románica dende unha perspectiva histórico-comparativa.
- Intercomprensión das linguas románicas actuais.
- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario desenvolvido nestas linguas durante a Idade Media.
- Capacidade para editar e interpretar textos medievais en linguas románicas.
- Comprensión da evolución da literatura románica medieval ata a actualidade.
- Uso e elaboración de bases de datos e recursos electrónicos relacionados coas linguas románicas e coa literatura románica medieval.

b) As competencias específicas desta asignatura pódense resumir nos seguintes puntos:

- Capacidade de reconecer períodos distintos da historia de Europa marcados pola súa evolución social e cultural.
- Capacidade de distinguir as diferentes características definitorias dos diferentes xéneros literarios románicos e os vínculos existentes entre eles.
- Capacidade de distinguir as particularidades históricas e literarias da Romanía e os seus vínculos e diferencias con respecto ás culturas contemporáneas.
- Capacidade de relacionar a produción literaria medieval coa produción literaria moderna.
- Capacidade para familiarizarse con fases antigas das distintas linguas romances a través do contacto con edicións literarias que reproduzan o estado medieval da lingua en cuestión.
- Capacidade de entender a produción cultural románica e o seu vínculo coa produción latina.
- Capacidade de emitir xuízos críticos e de analizar textos dunha certa dificultade de comprensión.

7.-CONTIDOS DA MATERIA.

1.- A Idade Media como período histórico fundamental da cultura de Occidente.

a) Delimitación temporal da Idade Media. A súa ubicación na historia. Particularidades con respecto a etapas posteriores.

Periodos comprendidos pola Idade Media. A súa delimitación temporal con respecto ás etapas antiga e renacentista. A súa función de herdeira da Antigüidade e o seu papel innovador na cultura occidental.

b) Acontecementos fundamentais, avances culturais, eventos sociais, políticos e militares (particulares e comúns), relacións internacionais.

Os grandes reinos medievais. O imperio carolinxio. O Sacro Imperio. As cruzadas. A Reconquista. A Guerra dos Cen Anos. Aspectos relixiosos. As reformas culturais.

2.- Presentación xeral das características da vida intelectual na Idade Media. Convivencia do latín escrito con outras linguas no contexto europeo.

a) O intelectual na Idade Media. Os centros de aprendizaxe e de produción literaria. *Trivium* e *quadrivium*.

A organización dos estudos na Idade Media. A fundación das universidades. A produción e circulación de manuscritos. A cultura clerical. As artes liberais. O latín como lingua principal de cultura.

b) O papel do latín na formación dos xéneros literarios medievais. Os primeiros textos romances.

A situación de diglosia latín-romance. A produción literaria en latín na Idade Media e a consolidación dos xéneros. A necesidade da utilización do romance. Primeiros usos non documentais das linguas vulgares.

c) Literatura en latín e literatura en linguas vulgares.

A evolución dos xéneros en latín e en romance. As influencias mutuas.

3.- Literatura románica ou literaturas románicas.

A literatura románica como sistema interliterario. Relacións da literatura románica medieval coa literatura comparada e coas literaturas románicas particulares. Conformación da literatura románica desde a Idade Media ao xurdimento das literaturas nacionais. Evolución das diversas literaturas románicas.

a) O problema da denominación. Unidade e diversidade.

b) A súa especificidade con respecto a outros sistemas literarios.

c) Causas da aparición das literaturas nacionais.

4.- Aspectos, formas e motivos comúns á literatura medieval europea desenvolvidos en ámbito románico.

- a) A amizade.
- b) A espiritualidade.
- c) A guerra.
- d) A natureza.
- e) A sociedade.

8.-BIBLIOGRAFÍA.

Nota: a bibliografía indicada aquí ten carácter básico. O profesor mencionará outros títulos a medida que o requira a explicación en clase.

- Aguadé Nieto, S. (coord.), *Universidad, cultura y sociedad en la Edad Media*, Alcalá de Henares, 1994.
- Boitani, P.-Mancini, M.-Várvaro, A. (eds.), *Lo spazio letterario del Medioevo, 2. Il medioevo volgare*, Roma, Salerno, 1999-2002.
- Brea, M., “Las lenguas románicas en la Edad Media” in J. E. Gargallo Gil-M. Reina Bastardas (eds.), *Manual de lingüística románica*, Barcelona, Ariel, 2007, pp. 121-145.
- Cavallo, G.- Leonardi, Cl.-Menestò, E. (eds.), *Lo spazio letterario del Medioevo, 1. Il medioevo latino*, Roma, Salerno, 1992-1998.
- Contamine, Ph., *La Guerra en la Edad Media*, Barcelona, Labor, 1984.
- Curtius, E. R., *Literatura europea y Edad Media latina*, México-Madrid, FCE, 1984.
- Di Girolamo, C., *La letteratura romanza medievale: una storia per generi*, Bologna, Il Mulino, 1994.
- Duby, G., *Europa en la Edad Media*, Barcelona, Paidós, 1990.
- Formisano, L., *La lirica*, Bologna, Il Mulino, 1990.
- Giordano, A.-J. J. Batista Rodríguez, *Literatura románica medieval (parte teórica)*, La Laguna, Universidad, 2004.
- Le Goff, J., *Los intelectuales en la Edad Media*, Barcelona, Gedisa, 1986.
- Limentani, A.-M. Infurna (eds.), *L'epica*, Bologna, Il Mulino, 1986.
- Meneghetti, M. L., *Le origini delle letterature romanze*, Roma, Laterza, 1997.
- _ (ed.), *Il romanzo*, Bologna, Il Mulino, 1988.
- Picone, M. (ed.), *Il racconto*, Bologna, Il Mulino, 1985.
- Pioletti, A. (ed.), *Le letterature romanze del Medioevo : testi, storia, intersezioni : V convegno internazionale, Roma, 23-25 ottobre 1997*, Soveria Manelli, Rubbettino, 2000.
- Várvaro, A., *Identità linguistiche e letterarie nell'Europa romanza*, Roma, Salerno editrice, 2004.
- _ , *Literatura románica de la Edad Media: estructuras y formas*, Barcelona, Ariel, 1983.
- VV. AA., *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, Heidelberg, Winter, 1968-2005.
- Weckmann, L., *El pensamiento político medieval y los orígenes del derecho internacional*, México, FCE, 1993.

9.-METODOLOXÍA.

O curso terá como eixo a serie de sesións presenciais nas que o profesor impartirá clases con contidos que os alumnos deberán assimilar e demostrar coa súa participación activa na clase. Está prevista a realización de lecturas a partir de textos seleccionados polo profesor, que poderán consistir en textos medievais (traducidos), fragmentos escollidos deles ou ensaios sobre cuestións teóricas ou teórico-prácticas relacionadas coa asignatura. Poderán realizarse probas orais ou escritas para comprobar a comprensión do contido das leituras. Tamén está prevista a realización de traballos sobre algún dos puntos do programa. O carácter oral ou escrito, individual ou en grupo dos devanditos traballos poderá cambiar en función do número dos estudantes e das incidencias na marcha do curso.

Existe un horario de titorías personalizadas, destinadas fundamentalmente a resolver as dúbidas suscitadas polas explicacións dadas polo profesor ou a preparación dos comentarios, aínda que tamén se poden utilizar para presentar calquera aspecto de interese para o alumno. Todos os estudantes deberán acudir a estas titorías.

Como corresponde a este método de traballo, os alumnos deben levar ó día o estudo da materia e ir asimilando todos os contidos que se van desenvolvendo. Consecuentemente, a asistencia a clase é obrigatoria. A non participación nalgunha das actividades previstas, xustificada de acordo co previsto na *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, aprobada polo Consello de Goberno da USC na súa sesión do 25 de marzo de 2010, pode ser suplida cos oportunos traballos substitutorios.

10.-SISTEMA DE AVALIACIÓN.

A nota da asignatura procederá nun 50% dos traballos, orais e/ou escritos, que teña que realizar o alumno, e que se controlarán de forma semanal nas horas de seminario, na medida en que a marcha do curso o permita. O exame suporá o 50% restante, pero poderá cambiarse por un traballo de maior envergadura que os anteriores se as incidencias do curso o aconsellan, aínda que mantería a mesma porcentaxe que o exame na cualificación final. A participación voluntaria en clase poderá valorarse ata con 1 punto sobre o conxunto da nota final da asignatura.

O criterio de avaliación para os alumnos non presenciais será a realización dun exame marcado oficialmente, ao que tamén se poderán presentar os alumnos presenciais que non acaden unha media de 5 no conxunto das probas anteriores. A avaliación se efectuará sobre o programa.

11.-ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS DO CURSO

- Os traballos se organizan fundamentalmente en torno a lecturas vencelladas ás distintas leccións, pero non de xeito uniforme en extensión e importancia, dado que haberá temas que requiran unha explicación máis exhaustiva que outros, en particular o tema 4, e mesmo unha orientación distinta.

- A extensión dos traballos, salvo indicación en sentido contrario, non deberá exceder as tres páxinas cando se avalíen por escrito, e deberán ser entregados no prazo dunha semana a partir do final da explicación da lección correspondente. Os criterios son os seguintes: formato 12 Times New Roman (notas en formato 10), e redacción do texto a espazo e medio
- Cando a materia de traballo proposta permita interpretacións ou exista a posibilidade de escoller entre varias opcións, os traballos poderán orientarse libremente previa conformidade do profesor.
- Características dos traballos:

LECCIÓN	TRABALLO
1.- A Idade Media como período histórico fundamental da cultura de Occidente.	Lecturas determinadas polo profesor.
2.- Presentación xeral das características da vida intelectual na Idade Media. Convivencia do latín escrito con outras linguas no contexto europeo.	Lecturas determinadas polo profesor. Traballo escrito: reseña do libro de E. R. Curtius <i>Literatura europea y Edad Media latina</i> , México-Madrid, FCE, 1981-1984 [pasaxes seleccionadas polo profesor].
3.- Literatura románica ou literaturas románicas.	Lecturas determinadas polo profesor.
4.- Aspectos, formas e motivos comúns á literatura medieval europea desenvolvidos en ámbito románico.	Lecturas determinadas polo profesor. Traballo escrito: reseña do libro de A. Vârvaro <i>Literatura románica de la Edad Media: estructuras y formas</i> , Barcelona, Ariel, 1983.

12.-DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS ACTIVIDADES

Actividade	Horas presenciais	Horas non presenciais	Total
Sesións expositivas e de seminario	48	84	132
Sesión de titorías	3	-	3
Sesións de avaliación	3	12	15
Total	54	96	150 (25 horas/crédito)

As horas non presenciais corresponden ao traballo autónomo do alumno e, polo tanto, responden a unha planificación puramente teórica, dende o momento en que o alumno é o responsable final do seu traballo.

13.-CRONOGRAMA.

O presente cronograma é teórico. O profesor non se responsabiliza das incidencias imprevistas do curso que poidan afectar á marcha do mesmo.

Semana	Lección ¹	Apartado
[1] 30/01/201-31/01/2012	A Idade Media como período histórico fundamental da cultura de Occidente (I).	Delimitación temporal da Idade Media. A súa ubicación na historia. Particularidades con respecto a etapas posteriores.
[2-3] 1/02/2012-8/02/2012	A Idade Media como período histórico fundamental da cultura de Occidente (II).	Acontecementos fundamentais, avances culturais, eventos sociais, políticos e militares (particulares e comúns), relacións internacionais.
[4-5] 13/02/2012-22/02/2012	Presentación xeral das características da vida intelectual (I).	O intelectual na Idade Media. Os centros de aprendizaxe e de produción literaria. <i>Trivium</i> e <i>quadrivium</i> .
[6-8] 27/02/2012-14/03/2012	Presentación xeral das características da vida intelectual (I).	O papel do latín na formación dos xéneros literarios medievais. Os primeiros textos romances.
[9-12] 19/03/2012-19/04/2012	Presentación xeral das características da vida intelectual (III).	Literatura en latín e literatura en linguas vulgares.
[13] 23/04/2012-24/04/2012	Literatura románica ou literaturas románicas (I).	O problema da denominación. Unidade e diversidade.
[13] 25/04/2012-25/04/2012	Literatura románica ou literaturas románicas (II).	A súa especificidade con respecto a outros sistemas literarios.
[14] 30/04/2012-30/04/2012	Literatura románica ou literaturas románicas (III).	Causas da aparición das literaturas nacionais.

¹ Para ver os títulos completos das leccións, abreviados neste cronograma, vid. *supra* “Contidos da materia”.

[15-18] 2/05/2012-23/05/2012	Aspectos, formas e motivos.	

14.-RECOMENDACIÓNS PARA O ESTUDO DA MATERIA

Asistir ás clases, realizar as lecturas indicadas e levar ao día o estudo dos textos.
Acudir ás titorías sempre que se presente un problema ou dúbida na marcha da materia.